

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 26 DE FEBREIRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se nomea director xeral de Política Financeira e Tesouro a David Cabañó Fernández.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urgente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Traslado da pasarela peonil afectada polas obras na AC-552, AC-551 e DP-0509, no Concello de Arteixo (Clave: AC/13/096.07). Convenio AXI – Concello de Arteixo.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto de residuos sanitarios de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o gasto de carácter plurianual derivado da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.



CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada, da prestación do servizo de oito (8) avións destinados á prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2015, 2016 e 2017, polo importe de licitación de tres millóns oitenta e sete mil seiscientos dezaoto euros con cincuenta e seis céntimos (3.087.618,56 euros) sen IVE, e cun valor estimado (opcións incluídas) de sete millóns trescentos corenta e tres mil setenta e sete euros e doce céntimos (7.343.077,12 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de formación da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2015.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o Plan especial de control tributario 2014.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o resultado do concurso de venda de solo empresarial con prezos bonificados e sobre o convenio co Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para financiamento de proxectos empresariais nos parques propiedade da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a avaliación da Estratexia Sergas 2014. A sanidade pública ao servizo do paciente.
- Informe sobre a licitación do centro de saúde da Valenzá, concello de Barbadás (Ourense).



CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre a actividade de investigación e transferencia de tecnoloxía no Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal) e nos centros que coordina 2013-2014.



A XUNTA NOMEA DIRECTOR XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO A DAVID CABAÑÓ FERNÁNDEZ

- *Ocupaba o cargo de xefe de Operacións Financeiras na Consellería de Facenda*

Santiago, 26 febreiro de 2015.- O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento como director xeral de Política Financeira e Tesouro a David Cabañó Fernández, que ata o momento ocupaba o cargo de xefe de Operacións Financeiras, na propia Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda.

David Cabañó Fernández (1970) é licenciado en Administración de Empresas pola Universidade da Coruña, e especialista en Banca, Finanzas e Seguros (máster pola Universidade de Santiago de Compostela).

Dende 1999, David Cabañó Fernández é funcionario do Corpo de Xestión da Administración da Xunta de Galicia, na escala técnica de finanzas.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O PROCESO EXPROPIATORIO PARA A REPOSICIÓN DA PASARELA PEONIL AGRO, NO CONCELLO DE ARTEIXO

- ***A execución da glorieta de Sabón, posta en servizo no pasado decembro, obrigou á desmontaxe da pasarela peonil existente sobre a AC-551, que interfería cos viais proxectados na nova configuración do enlace***
- ***Coa finalidade de repoñer a pasarela, a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e o Concello de Arteixo asinaron o 19 de decembro de 2014 un convenio de colaboración***
- ***O novo emprazamento da pasarela sitúase sobre a mesma estrada AC-551, a uns 200 metros da súa localización previa***
- ***A Xunta tramitará as expropiacións e subvencionará a actuación con 125.000 euros***
- ***O Concello de Arteixo redactará e aprobará o proxecto, executará as obras e asumirá as obrigas económicas derivadas do proceso expropiatorio, así coma as que excedan do importe achegado pola Administración autonómica***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo traslado da pasarela peonil afectada polas obras de construción da rotonda de Sabón, entre as estradas A Coruña-Cee (AC-552), AG-55-Sabón (AC-551) e DP-0509, no Concello de Arteixo.

A obra levada a cabo pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a execución da glorieta de Sabón, posta en servizo no pasado decembro, obrigou á desmontaxe da pasarela peonil existente sobre a AC-551, que interfería cos viais proxectados na nova configuración do enlace.

Coa finalidade de repoñer a pasarela, a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e o Concello de Arteixo asinaron o 19 de decembro de 2014 un convenio de colaboración. As obras a realizar foron definidas polo municipio coruñés nun proxecto aprobado por esa administración o 31 de decembro de 2014. A nova localización da pasarela sitúase sobre a mesma estrada AC-551, a uns 200 metros da súa localización previa.

Unha vez aprobado o proxecto, a AXI tramitará o decreto de utilidade pública e urxente ocupación dos e dereitos afectados polo traslado da pasarela peonil e subvencionará a actuación con 125.000 euros. O Concello de Arteixo redactará e aprobará o proxecto, executará as obras e asumirá as obrigas económicas derivadas do proceso expropiatorio, así coma as que excedan do importe achegado pola Administración autonómica.

A competencia para a execución da expropiación forzosa, no ámbito das estradas non incorporadas á rede do Estado con itinerarios que se desenvolvan integramente no seu



territorio, correspóndelle á comunidade galega. Segundo o disposto na Lei 8/2013 de estradas de Galicia, a aprobación definitiva dos proxectos de construción implica a declaración de utilidade pública, da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, e da urxencia da ocupación.

Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia o recoñecemento concreto da utilidade pública e a declaración da urxente ocupación dos bens afectados pola expropiación a que da lugar a realización da obra, segundo o previsto na Lei de expropiación forzosa.





Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

APROBADO O PROXECTO DE DECRETO QUE REGULA A XESTIÓN DOS RESIDUOS SANITARIOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

- ***Esta normativa, que supón unha revisión da que estaba vixente ata o de agora, implica un reagrupamento dos tipos de residuos, que emprega como criterio prioritario a perigosidade destes***
- ***Simplifica a clasificación e mellora a xestión***
- ***Facilítase a entrada de novos xestores que empreguen técnicas máis modernas e eficientes***

O Executivo galego reunido no día de hoxe acaba de aprobar un proxecto de decreto sobre a xestión de residuos sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia. Así, a Xunta de Galicia considera necesaria a revisión da normativa autonómica, coa pretensión de simplificar a clasificación e mellorar a xestión dos residuos sanitarios e adaptar as actividades da dita xestión ao novo marco normativo estatal e autonómico. Plásmanse, así, ademais, todos aqueles cambios que a realidade e a práctica aconsellan, posto que o avance científico e técnico levou a que sexa posible na actualidade dispor no mercado de mellores sistemas que proporcionan solucións técnicas para o tratamento dos residuos sanitarios.

Ante esta realidade, o novo decreto vén actualizar a clasificación de residuos, o que permite equiparar a xestión de determinados residuos sanitarios a residuos non perigosos, garantindo, en todo momento, a protección da saúde pública, o que supón, adicionalmente, un abaratamento de custos de xestión.

Tamén facilita a implantación de novos modelos de xestión, e doutros operadores que dispoñan de equipos técnicos máis modernos e eficientes para o desenvolvemento desta actividade.

En consecuencia, este decreto regula, dentro da nosa Comunidade, a xestión dos residuos procedentes das actividades sanitarias ou relacionadas con elas, co fin de previr os riscos que a dita xestión xera, tanto para as persoas directamente expostas, como para a saúde pública e o medio ambiente, e desenvolver no ámbito sanitario, a regulación xeral dos residuos.

Perigosos e non perigosos

A normativa hoxe aprobada establece unha nova clasificación dos residuos sanitarios en dous grupos, perigosos e non perigosos. Os non perigosos, pola súa vez, poden ser de clase I que son os domésticos, é dicir, aqueles que son os xerados nos centros sanitarios similares aos producidos nos fogares como consecuencia das actividades domésticas; ou de clase II, residuos non domésticos, que son aqueles xerados nos centros sanitarios e diferentes aos producidos nos fogares. Estes divídense en dúas

clases, II-a, os xerados como resultado da actividade sanitaria propiamente dita, e o II-b, que son os xerados como resultado de actividades distintas ás anteriores.

Respecto dos residuos sanitarios perigosos, agrúpanse en varias clases: residuos sanitarios biocontaminados, que polo risco de provocar infeccións requiren unha xestión diferenciada, tanto dentro como fóra do centro produtor; residuos de citotóxicos e citostáticos (inclúen unha serie de sustancias químicas que se utilizan para o tratamento de enfermidades neoplásicas); e, unha terceira clase que son outros residuos perigosos non incluídos nas dúas categorías anteriores.

Para asegurar un axeitado cumprimento dos obxectivos do do decreto, os produtores deben elaborar un plan de xestión intracentro, o cal teñen que implantar logo da aprobación deste por parte da dirección xeral competente en materia de Saúde Pública.



A XUNTA APROBA AS AXUDAS PARA AS ONGD QUE REALICEN PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

- ***Será a través dunha orde da Vicepresidencia, na que tamén se subvencionan iniciativas dirixidas á consolidación e ao fortalecemento destas organizacións***
- ***A convocatoria terá carácter plurianual, 2015-2016, e un importe de 450.000 euros***
- ***Poderán optar ás subvencións tanto as ONGD galegas como as agrupación lideradas por estas con outros axentes de cooperación***
- ***En cada proxecto aprobado é posible anticipar ata o cen por cen das anualidades***

O Consello da Xunta aprobou a orde da Vicepresidencia que regula a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de educación para o desenvolvemento e de consolidación e fortalecemento, que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD).

A convocatoria terá carácter plurianual (2015-2016) e un importe de 450.000 euros, que se reparte entre as dúas liñas de axuda. As entidades beneficiarias poden ser tanto ONGD como agrupación lideradas por estas con outros axentes de cooperación, como poden ser as universidades, empresas, sindicatos ou comunidades galegas no exterior, entre outros.

Desde a Xunta quérese destacar que a educación para o desenvolvemento é un valor engadido da cooperación descentralizada que cómpre potenciar desde a cooperación galega, tendo en conta, ademais, que a meirande parte das ONGD de Galicia traballan neste eido como unha das súas liñas estratéxicas.

A través da orde financiaranse actividades de sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza; formación e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento; investigación sobre o desenvolvemento; e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

Ademais de financiar actividades dentro destas catro dimensións da educación para o desenvolvemento, ao abeiro desta orde tamén se subvencionan iniciativas dirixidas á consolidación e ao fortalecemento das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento con domicilio social ou sede permanente en Galicia. É de destacar que en cada proxecto aprobado se poderá anticipar o cen por cen de cada unha das anualidades.

A convocatoria responde ao establecido no III Plan director da cooperación galega 2014-2017 e no Plan anual 2015, en especial no que se refire a apoiar a formación e



capacitación especializada de actores e axentes de cooperación e a levar a cabo unha política de educación para o desenvolvemento orientada a construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.



A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DE 8 AVIÓNS PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS NOS ANOS 2015, 2016 E 2017

- ***O Consello aprobou a tramitación do expediente de gasto polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada por un importe de licitación de 3,08 millóns de euros***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a tramitación do expediente de gasto para a contratación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada, da prestación do servizo de 8 avións destinados á prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2015, 2016 e 2017. O importe de licitación é de 3.087.618,56 euros.

O prazo de execución do contrato coincidirá principalmente coa época de precampaña e campaña de incendios forestais do verán. As datas de inicio e fin e as incorporacións previstas poden sufrir modificacións en función das condicións meteorolóxicas e dos criterios técnicos asociados ao risco de incendio forestal. A previsión é que o concurso se resolva en xuño de 2015, e nese intre estarán operativos os aparellos.

Para a contratación deste servizo tense en conta que Galicia soporta unha media anual de preto de catro mil incendios, polo que a Administración necesita dotarse, dentro do seu dispositivo de prevención e defensa, de medios aéreos que de forma rápida poidan acudir aos lumes e participar na súa extinción.

Estes medios aéreos integraranse, como é habitual, no operativo de loita contra os incendios forestais, que cada ano queda establecido no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga), aprobado antes da campaña de verán polo Consello da Xunta.

Características técnicas

Trátase de 7 avións de carga en terra e 1 de vixilancia e coordinación. Os de carga en terra teñen capacidade no seu depósito de auga igual ou superior a 2.500 litros, cunha autonomía mínima de voo de catro horas. A velocidade de cruceiro mínima é de 190 quilómetros por hora. O avión de coordinación é un bimotor con capacidade para transportar como mínimo tres persoas, ademais da súa tripulación. A velocidade de cruceiro mínima é de 240 quilómetros/hora e a autonomía mínima de 4 horas de voo.



A EGAP INCREMENTA NESTE 2015 TANTO O NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS COMA O NÚMERO DE ACTIVIDADES FORMATIVAS

- *Continúase apostando pola teleformación, cunha porcentaxe de máis do 51 por cento das prazas totais*
- *Haberá 439 edicións formativas nas que se ofertarán 20.355 prazas destinadas ao persoal da Administración pública, das entidades locais, da Administración de Xustiza e do persoal das universidades*
- *Estas actividades formativas e divulgativas teñen como finalidade mellorar a cualificación e a capacitación profesional dos empregados públicos*
- *O Plan de formación 2015 supón unha aposta polos diferentes contornos de aprendizaxe e metodoloxías, entre os cales se atopan a autoformación, a teleformación e a docencia presencial*
- *Ao igual que en anos anteriores a Escola continúa cun completo programa de formación en idiomas, no que se inclúen a lingua inglesa, francesa, portuguesa e alemá*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao informe sobre o Plan de formación da Escola Galega de Administración Pública 2015, que incrementa, tanto as edicións, un 9,75 por cento, como as prazas ofertadas, un 10,27 por cento, o que resulta un total de 439 edicións formativas nas que se ofertarán 20.355 prazas destinadas ao persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades locais galegas, da Administración de Xustiza e do persoal da Administración e servizos (PAS) das universidades.

A formación dos empregados públicos constitúe un factor clave para levar a cabo o actual proceso de reforma e modernización administrativa co que se pretende acadar unha mellor xestión dos recursos, o aumento da calidade dos servizos públicos e unha adaptación e innovación continua da Administración. Así, a EGAP leva a cabo anualmente un gran número de actividades formativas e divulgativas que teñen como finalidade mellorar a cualificación e a capacitación profesional dos empregados públicos.

O Plan de formación para o ano 2015 supón unha clara aposta polos diferentes contornos de aprendizaxe e metodoloxías, entre os cales se atopan a autoformación, a teleformación e a docencia presencial. Así pois, a pluralidade de formatos, modalidades e metodoloxías constitúe outra das liñas distintivas do plan, que ten o obxectivo de facilitar a formación continua por parte dos empregados públicos, ao eliminar calquera posible barreira no acceso e promover a conciliación entre a vida familiar e laboral.

O Plan de formación do persoal da Administración da Comunidade Autónoma, das entidades locais de Galicia, da Administración de Xustiza de Galicia e do persoal de

administración e servizos (PAS) das tres universidades galegas para o ano 2015, é o resultado dun proceso de detección das necesidades formativas, no que se tiveron en conta as necesidades da propia Administración, as propostas dos coordinadores de formación de cada centro directivo, a colaboración de docentes e expertos de distintos eidos formativos e as achegas dos destinatarios da formación. Así mesmo, tívose en conta a demanda real rexistrada e os resultados das enquisas de avaliación das actividades desenvolvidas nos anos anteriores. Todas estas ferramentas permitiron a creación dun programa de calidade e adecuado aos requirimentos dos usuarios, sen esquecer o marco de restrición orzamentaria no que nos atopamos.

A EGAP presenta un plan de formación estruturado en accións formativas de carácter transversal e específico. As primeiras teñen por obxecto ofrecer un currículo básico horizontal que capacite os empregados públicos para realizaren as funcións que son xenéricas e que constitúen as bases da organización da Administración, mentres que as accións formativas específicas comprenden o conxunto de actividades cuxo obxectivo está directamente relacionado coa adaptación permanente ao posto de traballo, incluíndo contidos sectoriais relativos a competencias concretas.

Por estes motivos, e tendo en conta o éxito acadado nos dous últimos anos, amplíase o catálogo de actividades dispoñibles na modalidade de autoformación, a cal supón o 12,28 por cento do total da formación, con 2.500 prazas. Con esta actuación, o propósito é achegarlle a oferta formativa ao maior número de persoas, garantindo a equidade no acceso aos contidos máis demandados, e que os empregados públicos poidan acreditar a súa competencia mediante un exame.

Continúase, así mesmo, apostando pola teleformación, cunha porcentaxe do 51,38 por cento das prazas totais, da cal temos constatado as súas múltiples vantaxes. Así pois, a EGAP vén traballando nos últimos anos, na consolidación dun espazo virtual de coñecemento, cunha formación en liña coa que o alumnado pode xestionar o seu proceso de aprendizaxe.

Outro elemento destacado deste plan de formación é a profunda renovación dos contidos e a diversificación da oferta formativa, coa incorporación dunha elevada porcentaxe de cursos novos. Esta renovación efectúase a partir dunha vixilancia permanente das actualizacións normativas e procedementais, sen esquecer en ningún momento o obxectivo de garantir un enfoque eminentemente práctico.

A formación continua na Administración autonómica

O Plan de formación específico para o persoal da Administración autonómica previsto para o ano 2015 recolle un total de 345 edicións que se traducirán en 15.810 prazas. Así, a EGAP convocará durante o 2015 un 3,29 por cento máis de edicións ca en 2014 e ofertará un 3,69 por cento máis de prazas.



Como novidade amplíanse os destinatarios da formación, xa que o persoal dependente do Parlamento de Galicia, do Valedor do Pobo, do Consello de Contas, do Consello Consultivo e doutras entidades e organismos públicos poderán acceder a aquelas accións formativas que o permitan de xeito específico e a todas as actividades formativas nas que queden prazas vacantes.

A oferta presentada no plan está composta por materias relativas a competencias transversais –aquelas destinadas a ofrecer un currículo básico horizontal que capacite os empregados públicos para desenvolver eficientemente calquera posto de traballo- e a competencias específicas –aquelas orientadas a dar resposta ás necesidades de cualificación especializada mediante a actualización de coñecementos e habilidades directamente relacionados coas tarefas desenvolvidas-. Ambas as dúas áreas experimentarán durante o 2015 unha importante renovación dos títulos que se impartirán, cunha porcentaxe de títulos novos do 47% nas materias transversais e do 77% nas competencias específicas.

Neste ano a EGAP aumentou o seu programa de autoformación destinado ao persoal da Administración autonómica, pasando de 1000 prazas a 1800. Ademais, inclúense materias con gran demanda coa finalidade de favorecer o acceso do maior número de empregados públicos á formación, con títulos como Iniciación á Administración electrónica, Estatuto básico do empregado público ou procedemento administrativo.

Cómpre salientar que, ao igual que en anos anteriores, a Escola continúa cun completo programa de formación en idiomas, no que se inclúen a lingua inglesa, francesa, portuguesa e alemá, tanto nas modalidades presencial como de teleformación; e coa convocatoria de actividades do Plan formativo ofimático de Galicia, tanto a través de cursos como de probas de acreditación.

Formación para o persoal da Administración de xustiza

Canto á formación para o persoal da Administración de xustiza, a EGAP ten previsto convocar para este ano un total de 34 edicións formativas e 1.660 prazas, un 21,42 por cento máis de edicións e un 22,05 por cento máis de prazas ca no 2014.

No programa de cursos ofertado para este colectivo continuaranse cos itinerarios formativos iniciados en anos anteriores e reforzarase a formación relativa ás tecnoloxías da información e da comunicación.

Formación para o persoal de Administración local

Ao igual que no 2014, este ano a formación ofrecida para o persoal das entidades locais galegas vertebrarase a través de dous eixes. Por unha banda, a EGAP convocará novamente en 2015 as subvencións para plans de formación das entidades locais de



Galicia. Esta convocatoria ten por obxecto o financiamento de plans de formación para o emprego promovidos polas entidades locais de Galicia no marco do Acordo da formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP).

Por outra banda, a Escola porá en marcha 33 actividades e 1190 prazas para os empregados das entidades locais, o que suporá un 200 por cento máis de actividades e un 126,66 por cento máis de prazas ca no 2014. Este persoal, poderá acceder a actividades relativas ao réxime xurídico e xestión das entidades locais; á comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades; á administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa; e ás materias do Plan formativo ofimático de Galicia.

Formación para PAS universidades

Por segundo ano consecutivo a Escola Galega de Administración Pública programou unha serie de actividades destinadas ao persoal de administración e servizos das tres universidades galegas. Grazas a el este colectivo poderá acceder a 27 edicións formativas e 1.695 prazas, o que suporá o mesmo número de edicións que en 2014 e un 27,73 por cento máis de prazas.



A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA CUMPRIU O OBXECTIVO DO PLAN ESPECIAL DE CONTROL PARA 2014 E FIXO AFLORAR MÁIS DE 50 MILLÓNS

- ***A ATRIGA detectou 50,7 millóns de euros de importes non declarados, superando o 100% da previsión inicial***
- ***O importe obtido é froito do incremento das actuacións de inspección e de xestión***
- ***No 90% dos casos a autoliquidación presentada polo contribuínte é correcta***
- ***A Administración tributaria galega obtivo 143 euros por cada euro investido***
- ***A loita contra a fraude fiscal vén sendo unha das prioridades da ATRIGA dende a súa posta en marcha en 2013***

O plan especial de control da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) permitiu detectar en 2014 importes non declarados por un importe de 50,7 millóns de euros, segundo reflicte un informe presentado hoxe no Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez. Isto supón que se cumpre o 100% da previsión inicial, que era acadar un importe de 50 millóns durante o pasado exercicio.

No marco deste plan, o organismo tributario galego practicou 13.016 liquidacións no Imposto de Sucesións e Doazóns (ISD), un 38% máis que o ano anterior. Isto é consecuencia do aumento do labor de comprobación das autoliquidacións, cun incremento do 22% ata acadar as 115.600 comprobacións.

Estes resultados indican que en preto do 90% dos casos a Administración confirmou que a autoliquidación do imposto presentada polo contribuínte era correcta. No resto dos casos, a ATRIGA procedeu a practicar unha liquidación para que o contribuínte tribute conforme a legalidade.

Ademais, no eido deste plan extraordinario de control a Axencia Tributaria de Galicia incrementou un 12% o número de requirimentos –máis de 5.000- e aumentou un 26% os trámites de audiencia. Tamén creceu a cifra de bens valorados (un 17%), uns 447.000. Por outra banda, as comprobacións practicadas detectaron que só o 2,8% das autoliquidacións presentadas polos contribuíntes tiñan aplicados de forma incorrecta algúns dos beneficios fiscais que ten en vigor o Goberno galego.

No eido da inspección tributaria, a ATRIGA incrementou un 34% os importes detectados nos impostos de Sucesións e Doazóns (ISD) e no de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD). Así, como consecuencia dos procedementos de inspección detectouse un importe de 15,1 millóns de euros, que se suman aos 35,6 millóns acadados a través das actuacións de xestión.

En canto á eficiencia do plan especial de control, os datos mostran que a Administración tributaria galega obtivo 143 euros por cada euro investido.



Plan de control

O plan especial da ATRIGA enmárcase no plan de control tributario para 2014, que estableceu no ámbito da xestión e da inspección tributaria as liñas de actuacións de carácter xeral e actuacións de carácter preferente. A loita contra a fraude fiscal vén sendo unha das prioridades da Axencia Tributaria de Galicia dende a súa posta en marcha en 2013.



A PRIMEIRA FASE DE VENDA DE SOLO EMPRESARIAL PERMITIRÁ ADXUDICAR MÁIS DE 202.000 METROS CADRADOS PARA A INSTALACIÓN DE PROXECTOS CUN APOIO AO FINANCIAMENTO DE ATA O 40%

- ***O Consello da Xunta aproba a sinatura dun convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, Xestur e IGAPE para facilitar o acceso ao financiamento dos proxectos que se instalen nos parques empresariais galegos***
- ***Cos resultados da primeira fase de venda prevese un investimento de 105 millóns de euros e a creación de 3.500 empregos directos e indirectos***
- ***As vendas neste concurso superarán ás totais dos dous últimos anos en que se acadaron 160.000 metros cadrados***
- ***Nunha segunda fase, o IGVS sacará a concurso bonificado o solo da súa propiedade en abril, sendo preto de 470.000 metros cadrados, con bonificacións de ata o 50 por cento***
- ***O Igape concederá préstamos directos do 20% do custo da iniciativa empresarial, e avalará o 20% do total do proxecto ante as entidades financeiras***
- ***Subvencionaranse nun 1% o custo financeiro daqueles proxectos que se sitúen nos polígonos do ámbito dos plans Impulsa Lugo e Ourense, Costa da Morte e Ferrol así como nas zonas fronteirizas, e cun 0,5% no resto de emprazamentos***
- ***Xestur estudará a proposta de aplicar unha bonificación especial do 30%, limitada en superficie, importe e tempo, nos parques empresariais das contornas urbanas***

A Xunta de Galicia adxudicará a vindeira semana máis de 202.000 metros cadrados de solo empresarial tras o concurso de venda deste para impulsar proxectos que contarán cun financiamento de ata o 40%. O citado concurso foi convocado no mes de xaneiro pasado e a apertura de ofertas realizouse o pasado 20 de febreiro e hoxe o Consello da Xunta avaliou os seus resultados.

Ademais, o Goberno galego aprobou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, Xestur e IGAPE para facilitar o acceso ao financiamento dos proxectos que se instalen nos parques empresariais galegos, con axudas que poderán chegar ata o 40% do investimento.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ethel Vázquez, informou hoxe ao Consello da Xunta sobre as ofertas presentadas ao concurso.

En total presentáronse ao concurso 68 ofertas por un total de 90 parcelas localizadas en 20 parques empresariais das catro provincias galegas, cunha superficie total de 213.504,06 metros cadrados, aínda que nos parques empresariais de Ponteceso e Vilalba varias das ofertas presentadas eran polas mesmas parcelas, polo que finalmente se prevé que Xestur adxudique 202.055 metros cadrados en 75 parcelas. En calquera caso, algúns dos participantes no concurso que optan ás mesmas parcelas

que outros ofertantes xa indicaron o seu interese en adquirir solo no mesmo parque empresarial no caso de non resultar adxudicatarios das parcelas ás que optaban. Xestur poderá vender directamente as parcelas que queden sen adxudicar, aínda que nas mesmas condicións e prezos que os fixados no prego de bases do concurso.

A meirande parte das ofertas presentáronse nas provincias da Coruña e Lugo, segundo se pode observar no cadro:

Provincia	Número de ofertas	Número de parques	Número de parcelas	Superficie das parcelas
A Coruña	23	8	31	104.405,00
Lugo	39	8	52	101.104,94
Ourense	5	3	6	6.944,99
Pontevedra	1	1	1	1.049,13
TOTAL	68	20	90	213.504,06

O importe da venda do solo que adxudicará Xestur supera os sete millóns de euros, logo de aplicar un desconto por parte da Xunta, respecto dos prezos iniciais, de máis de seis millóns de euros.

As vendas acadadas neste concurso superan as totais dos dous últimos anos en que se acadaron 160.000 metros cadrados.

3.500 empregos

O solo que adxudicará Xestur a próxima semana suporá un investimento de 105 millóns de euros que se desenvolverán en tres anos, xa que os adquirentes se comprometen a construír as súas instalacións e obter a licenza de actividade nos tres anos posteriores á adxudicación.

Este investimento suporá a creación de 550 empregos directos que, sumados aos indirectos e aos necesarios para a construción das naves e traballos técnicos, farán un total de máis de 3.500 empregos que, como se dixo, se crearán nos próximos tres anos.

Novas bonificacións

Á vista dos resultados de vendas de parcelas no concurso de solo empresarial bonificado, observase que a demanda nos parques empresariais de A Sionlla (Santiago de Compostela), Morás (Arteixo), A Reigosa (Ponte Caldelas) e A Veigadaña (Mos), está moi por debaixo dos outros parques situados en zonas urbanas.



Por ese motivo o Consello de Administración de Xestur estudará a proposta do IGVS de aplicar unha bonificación especial do 30%, limitada en superficie, importe e temporalmente, nos ditos parques empresariais nas seguintes condicións:

1. Parques empresariais que se bonificarán: A Sionlla (Santiago de Compostela), Morás (Ateixo), A Reigosa (Ponte Caldelas) e Veigadaña (Mos).
2. Porcentaxe de bonificación: o 30% dos prezos que rexían con anterioridade ao concurso con data do 12 de xaneiro de 2015.
3. Superficie que se bonificará: 100.000 m² para o conxunto dos catro parques empresariais. Non hai superficie asignada por parque. O único límite é que a superficie vendida na totalidade dos catro non supere os 100.000 m².
4. Límite temporal: ata o 30 de novembro de 2015, coincidindo co remate do prazo do concurso convocado o día 12 de xaneiro de 2015.

Concurso do IGVS

Por outra parte, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas informou ao Consello de que o IGVS convocará un concurso de venda de solo empresarial, con bonificacións, no mes de abril.

Entón sairán a concurso máis de 210 parcelas propiedade do IGVS, localizadas en 17 parques empresariais, cunha superficie total de preto de 470.000 metros cadrados.

As bonificacións aplicables serán as seguintes:

- Rebaixa do 50% sobre o prezo actual: As Somozas, Pontedeume, Lourenzá, Bóveda, Monterroso, Palas de Rei, Quiroga, Xermade 2ª fase, O Barco de Valdeorras fases 2-3, Carballiño fases 1-2, Ribadavia polígonos 1-2 e Central de Transportes de San Cibrao das Viñas 1ª fase, Porto Seco de Monforte
- Rebaixa do 30% sobre o prezo actual: Culleredo, Melide, Lalín.
- Rebaixa do 30% sobre o prezo actual: Central de Transportes de Pontecaldelas.

Impulso aos proxectos empresariais

Este esforzo que está a facer a Xunta no impulso da venda de solo industrial ten por obxectivo a potenciación de proxectos empresariais que reforcen o crecemento da economía galega. Neste sentido, e de cara a facilitar a implantación de novas iniciativas, o Consello da Xunta coñeceu hoxe dun paquete integral de financiamento dirixido a todas aquelas pemes interesadas en poñer en marcha o seu proxecto nos terreos adquiridos nos polígonos industrias de Xestur e do IGVS.

Así, á rebaixa do solo industrial, o Goberno galego suma a posibilidade de financiar ata o 40% do custo do proxecto que se vai desenvolver. Para isto, cunha única solicitude ante o Igape poderá solicitarse un préstamo directo, en condicións moi vantaxosas, do



20% do custo da correspondente iniciativa empresarial. Ademais, o Instituto avalará ante as entidades financeiras outro 20% do total custo do proxecto.

A estas vantaxes cabe engadirle, de cara a reducir o custo financeiro dos préstamos bancarios, unha subvención do tipo de interese dun punto porcentual para as iniciativas que se sitúen nos parques empresariais do ámbito dos Plans Impulsa Lugo e Ourense, Costa da Morte e Ferrol así como nas zonas fronteirizas, e dun 0,5% no resto de localizacións.

Deste xeito, o Goberno galego segue a promover a venda de solo industrial con fins empresarias, contribuíndo á fixación de tecido industrial en Galicia encamiñada á creación de riqueza e emprego.



SANIDADE CUMPRE CO SEU COMPROMISO DE PROTECCIÓN E MODERNIZACIÓN DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO A TRAVÉS DA ESTRATEXIA SERGAS 2014

- *Implantouse xestión integrada en toda Galicia para organizar a prestación de servizos arredor das necesidades dos pacientes*
- *Ademais, permitiúselles o acceso a IANUS aos médicos de 15 residencias asistidas e púxose en marcha o modelo de atención farmacéutica nas residencias*
- *Estabilizouse o emprego con máis de 4.000 prazas de persoal estatutario convocadas en OPE, pasando do 76% de persoal estable en 2009 ao 81% no 2014*

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, presentou hoxe no Consello da Xunta o informe de avaliación da Estratexia Sergas 2014 no que se amosa que Sanidade cumpriu co seu compromiso de protección e modernización do sistema sanitario público, nun acto de transparencia e rendición de contas coa cidadanía galega, verdadeiros propietarios do sistema.

Durante o ano 2010 ata o ano 2014 Sanidade estivo a traballar cunha folla de ruta común para toda a organización, a estratexia Sergas 2014, con 7 obxectivos e 40 liñas de actuación, baseadas en catro principios fundamentais: o paciente como centro do sistema, o recoñecemento e potenciación do valor dos profesionais, a implicación coa innovación, a apertura á nova ciencia e o compromiso co desenvolvemento económico de Galicia.

Como obxectivos conseguidos destacan:

Saúde e demanda dos cidadáns

Implantación da xestión integrada en toda Galicia para organizar a prestación de servizos arredor das necesidades dos pacientes e permitir unha asistencia sen chanzos coa historia clínica electrónica como elemento vertebrador entre niveis asistenciais.

Elaboración dun Plan marco de atención sociosanitaria e a creación da comisión interdepartamental de coordinación para adaptar a asistencia a nova realidade poboacional (envellecemento da poboación). Ademais, permitiúselles o acceso a IANUS aos médicos de 15 residencias asistidas e púxose en marcha o modelo de atención farmacéutica nas residencias.

Publicación da Lei de garantías, o desenvolvemento do decreto de libre elección, entrada en vigor do rexistro de últimas vontades, dándolle máis autonomía e capacidade de decisión aos pacientes/cidadáns.

Estratificación da poboación segundo o seu nivel de risco que permite o desenvolvemento dun novo modelo de xestión da enfermidades. Neste mesmo senso,



desenvolveuse o Programa de polimedicados que permite mellorar a seguridade farmacoterapéutica dos pacientes máis fráxiles.

Respecto da prevención primaria e promoción da saúde incorporouse a vacina do neumococo, púxose en marcha o Programa de detección precoz do cancro de colon, o Plan Xermola contra a obesidade infantil e o Plan do VIH/Sida e outras infeccións de transmisión sexual; ademais de continuar co calendario de vacinación común do SNS.

Calidade e seguridade

Xestión priorizada da demanda, tanto cirúrxica como de consultas e probas complementarias: xestión segundo prioridades da lista de espera cirúrxica traballada conxuntamente coas sociedades científicas; desenvolvemento de vías rápidas de cancro de mama, pulmón, próstata, vexiga, otorrinolaringoloxía e melanoma, e as de lumbalxia, demencia, artrite e cabeza e colo para o diagnóstico (consultas e probas).

Elaboración de 10 procesos de asistencia integrados co fin de garantir a calidade e a seguridade na atención a procesos crónicos.

Xestión rigorosa e eficiente

Elaboración do catálogo priorizado de medicamentos; melloras nas prácticas de prescrición e dispensación de medicamentos xenéricos, pasando do 10,76% en abril de 2009 ao 40,46% en decembro de 2013. Isto permitiu acadar uns aforros de máis de 800 millóns de euros entre o 2011 e o 2013.

Compras centralizadas de medicamentos cuns aforros de máis de 43 millóns ao ano.

Plan integral de eficiencia enerxética que xa permitiu diminuír o gasto en arredor de 4 millóns de euros no ano 2014.

Profesionais

Elaboración de dous plans de ordenación de RRHH o que permite unha mellor organización e xestión dos case 37.000 traballadores da organización.

Implantación do Expedient-e, ferramenta de xestión da información á que os profesionais poden acceder a través de internet e que permite á Administración coñecer o desenvolvemento profesional dos traballadores, simplificando e axilizando os procesos de xestión de persoal.

Implicación dos profesionais na xestión, impulsando a súa participación na consecución dos obxectivos da organización, a través da xestión clínica: publicouse o Decreto.



Estabilización do emprego con máis de 4.000 prazas de persoal estatutario convocadas en OPE, pasando do 76% de persoal estable en 2009 ao 81% en 2014. Tamén se reduciu a incapacidade temporal do 7,34% ao 4,47%.

Tecnoloxía e información

Implantación da historia clínica única e a receita electrónica, que acadou unha prescrición do 98,4% e un 100% da dispensación en decembro de 2013 mentres que en 2009 era do 0,36%; e a imaxe dixital en todos os centros.

Posta a disposición dos cidadáns a través de internet de 16 servizos sanitarios en liña, como exemplo podemos dicir: a realización de diversos trámites relacionados coa tarxeta sanitaria, a solicitude de cita previa, o acceso á historia clínica, a subscripción a noticias e recordatorios de citas, o servizo de suxestións e foros de participación cidadá.

Posta á disposición dos profesionais das ferramentas necesarias para o desenvolvemento do seu traballo, como exemplo podemos dicir: 100% con acceso a internet; Bibliosaúde que permite o acceso a información sanitaria máis actualizada; ferramentas de mellora na prescrición, algoritmos diagnósticos incorporados á historia clínica.

Sector sanitario como creador de valor

Trátase de facer que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico e impulsar alianzas entre todos os axentes.

Creación da Plataforma de Innovación, co fin de aproveitar o talento dos profesionais e canalizar as súas achegas. Entre as súas iniciativas pódense destacar os plans de innovación, InnovaSaúde e Hospital 2050 que contan cun financiamento europeo de 90 millóns de euros.

Posta en marcha do Itinerario de investigación e innovación biosanitaria que vai dirixido a ofrecer respostas concretas a preguntas claves da I+D+I adaptadas aos tempos actuais: contidos, tecnoloxía e servizos coa sinxeleza como guía.

Modernización das infraestruturas

Desenvolvemento do sociotecnolóxico: unha das prioridades do Sergas é renovar a alta tecnoloxía e mellorar a dispoñibilidade do equipamento para atender da forma máis eficiente posible a demanda de probas diagnósticas e terapéuticas que o empregan.

En Atención Primaria leváronse a cabo actuacións sobre 44 centros de saúde: posta en funcionamento de 20 centros de saúde, reforma de 9, inicio das obra de 3 e 12 atópanse actualmente en fase de licitación.



En hospitais: posta en funcionamento do Hospital Lucus Augusti, do novo bloque cirúrxico no Hospital de Pontevedra, as novas urxencias do Chuac e a nova unidade de críticos do Chus. Adxudicouse a redacción do Plan director do Hospital da Costa; adxudicouse contrato das obras de reforma e ampliación do Hospital do Salnés; iniciouse a obra de hospitalización do Chuo; e estase a finalizar a construción do novo Hospital de Vigo.



O SERGAS DESTINARÁ 3,6 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DA VALENZÁ (BARBADÁS)

- *A súa superficie total será de aproximadamente 2.000 m²*
- *O seu prazo previsto de execución é de 12 meses*

O Servizo Galego de Saúde destinará 3,6 millóns de euros á execución da obra de construción do centro de saúde da Valenzá (Barbadás), nunha parcela cedida polo Concello e que ten unha superficie de aproximadamente 2.000 m².

Esta obra enmárcase no Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, e o seu prazo previsto de execución é de 12 meses.

O centro de saúde contará cunha área de medicina con 5 consultas de medicina xeral, 2 consultas de pediatría, 7 consultas de enfermaría, consulta de matronas, sala de educación para a saúde, odontoloxía/hixienista, sala de técnicas, sala polivalente, toma de mostras, consulta de atención de urxencias e sala da muller.

Ademais, disporá dos servizos de apoio e administrativos necesarios para o funcionamento do centro.

Este novo centro da rede sanitaria pública galega, que atenderá unha poboación de ao redor de 8.500 persoas, suporá que tanto os profesionais como os usuarios dispoñan dunha infraestrutura moderna e adaptada ás súas necesidades, dando unha mellor resposta ás necesidades de saúde presentes e futuras dos veciños deste concello.



NO BIENIO 2013-2014 O INGACAL REALIZOU 56 PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN, PRETO DE 200 ACCIÓNS DIVULGATIVAS E MÁIS DE 23.000 ANALÍTICAS

- ***Así se recolle no informe de actuación deste instituto en materia de I+D+i, que foi avaliado hoxe polo Consello da Xunta***

A Consellería do Medio Rural e do Mar realizou, a través do Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL) no período 2013-2014, un total de 56 proxectos de investigación, 30 proxectos de mellora de recursos filoxenéticos, 34 campos de ensaio, 36 xornadas técnicas, 199 accións divulgativas e mais de 23.000 analíticas. Así se recolle nun informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta e que resume a actividade de investigación e transferencia de tecnoloxía deste instituto no referido bienio.

A Consellería do Medio Rural e do Mar, a través do INGACAL, presta servizos de I+D+i a empresas líderes do sector agroforestal en Galicia, así como aos consellos reguladores de produtos con indicativo de calidade diferenciada. Os ingresos por prestación de servizos ascenden a 1.045.000 euros no período 2013-2014. Ademais, a través deste instituto acadáronse 700.000 euros de proxectos nacionais e 190.000 euros de proxectos europeos no eido investigador.

No informe recóllese tamén que moitas das accións divulgativas dos resultados de investigación puideron ser publicados, pola súa calidade superior, en diferentes revistas internacionais.

Con estas iniciativas no eido do I+D+i amósase a aposta da Xunta polo seu traslado, difusión e aplicación no ámbito agroalimentario, así como pola xeración de ingresos a través da prestación de servizos ás empresas líderes do sector.

O INGACAL é un ente de dereito público, adscrito á Consellería do Medio Rural e do Mar, creado no ano 2005. O seu obxecto é a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario. Así mesmo, o Instituto é o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.

A actividade deste organismo repercute directamente na mellora das condicións de seguridade alimentaria da poboación galega en xeral e na potenciación da produción agroalimentaria galega de calidade, na procura da excelencia. Tamén incide na promoción e defensa da calidade dos devanditos produtos, cos beneficios que isto representa tanto para os produtores como para os consumidores.



As actuacións de control e certificación dos produtos acollidos ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria repercuten tamén positivamente no óptimo funcionamento dos consellos reguladores de produtos con indicativo de calidade diferenciada.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"